



Parlamento das Letras: Baldo Ramos

Publicado o [21/03/2012](#)

A obra creativa de Baldo Ramos é unha das máis orixinais da nosa escrita dos últimos anos. Dacabalo entre o pictórico e o poético, un rízon no caligráfico e outro no textual, este artista celanovés leva máis dunha década a nos sorprenden coas súas xenuínas propostas, onde tan importante como a lectura é a apreensión visual daquilo que se nos ofrece.

A poética de Ramos encerra unha viaxe iniciática ou gnóstica, sempre na procura da comprensión existencial: quen son (a busca do sentido vital) e de onde son (a radicación, a pertenza tribal, o lugar do canto), preguntas que responde en Raizames (2001), o seu primeiro libro. Mais tamén como son (ese servirse do amor como axuda no duro tránsito do vivir), como nos recorda no seu A árbore da cegueira (2002) e, por suposto, con quen son, tanto nesa exploración para o entendemento do ser a través da poesía e a pintura (o que revelan Escura e transparente, 2005 e Blanco sobre negro, 2006) coma, sobre todo, esa súa conciencia dos estratos xeracionais e da vertixe na antesala do limes do dicible que se debuxa en Palabras para un baleiro (2009) e Palimpsesto (2009) e que asoma xa ao outro lado do espello como final da procura no máis recente A ferida de comprender (2011), libro membrana, escrita osmótica que se abre á comprensión ultrarreal e fai convivir a memoria individual e colectiva.

Poeta da intuición, do signo múltiple e da revelación pola verba, este escritor do asedio ao inefable ten dito da súa obra: “non me interesa a realidade/ que ven os meus ollos./ Interésame a realidade que/ aínda non saben comprender”, persuadido de que “a palabra transparente/ só che deixará ver/ o que aínda non comprendes”. Na convicción de que a verdade e a beleza xorden na visión que antecede as palabras e teñen nestas a súa plasmación derradeira, velaquí as súas para este Parlamento.

—¿Cando, onde e da man de quen publicaches os teus primeiros textos?

O primeiro poema que publiquei na miña vida foi en Celanova, con 17 anos, nunha revista local que se chamaba *Onde o mundo se chama Celanova*. E o primeiro libro meu que vin editado foi *Raizames*, na colección Libros da Frouma, aló polo ano 2001.

—¿Cal das túas obras cres que foi mellor tratada e cal pasou máis desapercibida para o público e/ou a crítica? ¿Por que cres que recibiron ese trato desigual?

A verdade é que non son dos que se preocupan moito por estas cousas e, polo tanto, a miña percepción do interese polo meu traballo imaxino que non ha ser moi obxectiva. Sei que hai algunha xente que segue o que fago, tanto no ámbito poético como no plástico, pero a acollida do que publico sempre acostuma ser discreta. Supoño que por coherencia coa consciente discreción da que nacen as miñas achegas.

—¿Tes algún hábito singular ou manía á hora de escribir?

Gústame escribir polas mañás e sempre o fago á man.

—Nunha antoloxía da nosa literatura recente, ¿ao pé de que autores/as preferirías figurar?

Síntome a gusto cos poetas do meu tempo. Nunha antoloxía de poesía galega contemporánea que preparou Teresa Seara para unha editora venezolana, hai unha escolla de autores moi diversos entre os que me sinto ben, porque nela se dá conta da pluralidade e riqueza da poesía galega que se está a facer arestora.

—Se tiveses que historiografar a túa propia traxectoria literaria, ¿que trazos salientarías?

Empecei a escribir sen saber moi ben o que facía. Logo andei á procura das marxes da linguaxe. Dei coa pintura, coa caligrafía, e souben que a poesía é un territorio de creación ilimitado, no que a liberdade é unha escusa para ir sempre máis alá, para estar sempre experimentando. E nestes momentos estou desencantado da escrita convencional, por iso nos últimos tempos o que máis me interesa é esculcar nas posibilidades do libro como soporte, como continente: o libro obxecto, o libro de artista, a edición non seriada...

—¿Que lecturas te acompañan decote ou a que escritores/as regresas con frecuencia?

Para min hai poetas como Antonio Gamoneda, Roberto Juarroz, Olvido García Valdés ou Chantal Maillard que sempre están ao meu lado. Manuel Vilanova, Pilar Pallarés, Olga Novo... son algunhas desas voces de personalidade inconfundíbel que nos sorprenden e conmoven en cada relectura.

—¿Que cres que lle falta aínda ás nosas letras e que lle sobra definitivamente?

Ás nosas letras fáltanlles, evidentemente, lectores e máis espazos que fomenten ou acollan iniciativas orixinais. Tamén proxectos que as dean a coñecer aquí e fóra de aquí sen paternalismos nin partidismos. Con profundidade de miras e sen prexuizos extraliterarios.

E sobrarlles, ao meu entender, non lles sobra nada. Ninguén pode estar de máis no ámbito da creación, interésenos máis ou menos o seu traballo. E os erros na literatura non deberían provocar condenas, senón revisións e melloras.

—Se soubeses que o teu tempo se esgota, ¿que non te perdoarías non deixar escrito?

Un epitafio divertido.

—¿Cal é a túa valoración do noso presente literario?

Coido que as nosas letras están a vivir un bo momento creativo, quizais o mellor momento creativo da súa historia. Pero os escritores galegos sabémonos nunha encrucillada. Non nos preocupa tanto ese debate trasnoitado de *escribir para que*, senón que o noso dilema pasa por atopar resposta á pregunta de *escribir para quen*.

—Se desexas facer algunha outra consideración, túa é a palabra.

O momento é difícil. Pero cando non o foi?